



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 24 DE XULLO DE 2013

LICENZAS

LIC/302/2013.- CARLOS ALBERTO GÓMEZ OTERO.- Conceder licenza para rehabilitación de edificio para vivenda unifamiliar na rúa do Medio, 27.

LIC/167/2013.- JOSE RODRIGUEZ GESTO.- Conceder licenza para legalización da rehabilitación de vivenda unifamiliar na rúa da Carricova, 6.

LIC/225/2012.- JOSE MARTIN CARREIRA VILLAMOR.- Conceder licenza para rehabilitación de vivenda na rúa de San Lorenzo, 59.

LIC/686/2012.- ARZOBISPADO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.- Conceder licenza para rehabilitación integral de vivenda na primeira planta da rúa de Tras Salomé, 7.

LIC/2639/2010.- RAMON LUGO CODESIDO.- Modificación de licenza outorgada na sesión do 27 de decembro de 2012.

RECURSO DE REPOSICIÓN

LIC/1762/2012.- HOSTAL SAN LORENZO SL.- Desestimación do recurso de reposición presentado contra o acordo da Xunta de Goberno Local do 21 de marzo de 2013 polo que se denega a licenza de obras de derruba parcial e de nova envolvente da cuberta paralizada do hotel na rúa de San Lourenzo 2.

DEVOLUCIÓNS DE FIANZA

**LIC/2359/2010.- GABRIEL MENDEZ ANDAMOLLO.....LIC/909/2008
6.349,32 €**

4.- Proposta da concelleira delegada de facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre vehículos de tracción mecánica, no imposto sobre bens inmóbles.

Apróbanse os beneficios fiscais solicitados.

19.- Desestimación de recurso de reposición interposto contra o acordo relativo ás bases reguladoras e a convocatoria para a concesión de bolsas de comedor escolar.

Rexéitase este recurso por considerar que, segundo as bases da convocatoria, para seren beneficiarios das bolsas de comedor é requisito indispensable estar empadroado no Concello de Santiago e, neste caso, esta persoa non cumpría este requisito.

20.- Encomenda ao Consorcio da cidade de Santiago dos traballos de redacción do Plan especial de protección do solo vinculado ao CAMIÑO FRANCÉS DE SANTIAGO (PE-3).

Apróbase a encomenda, á vista da necesidade dunha ordenación singular e pormenorizada dos terreos vinculados á preservación do territorio histórico afectado pola traza do Camiño Francés. Así, suscítase a conveniencia de afrontar o proceso de elaboración e aprobación do Plan Especial tal como establece unha disposición transitoria do PXOM. O primeiro intento quedou en suspenso en 2005. Agora, con todo preparado, a XGL aprobou unha encomenda ao Consorcio da Cidade de Santiago para a redacción do Plan Especial de protección do solo vinculado ao Camiño Francés.

21.- Dar conta da concesión dunha subvención da Deputación Provincial da Coruña para o Programa Social-Mente.

Dáse conta da concesión da subvención para o devandito programa, que pretende a estimulación cognitiva e desenvolvemento socio-persoal, a través de actividades sociais, culturais, de ocio, e de saúde. Ten como obxectivo mellorar a calidade de vida das persoas maiores do concello de Santiago, previndo o deterioro cognitivo, a través de actividades grupais e prever, do mesmo xeito, o illamento social causante de moitas situacións de exclusión social. Sabedores de que a saúde non é so ausencia de enfermidade senón que engloba aspecto físicos, psíquicos e sociais, este programa pretende, coa súa metodoloxía, traballar estas tres vía de saúde.

URXENCIAS

- 1.- Apróbase a cesión de uso do Estadio de San Lázaro e campo anexo á S.D. Compostela.
- 2.- Dáse conta da concesión pola Deputación da Coruña de varias subvencións no marco da convocatoria da Rede Cultural 2013. A achega provincial para as actividades será dun total de 3.909,20 euros (40%), aportando o Concello o resto, 5.863,80 euros.
- 3.- Apróbase a gratuidade do estacionamento de bordo de Santa Marta a partir do 1 de agosto. O aparcamento estará aberto de 7:00 a 19:00 horas e non contará con vixilancia. Do seu correcto funcionamento encargárase persoal de TUSSA.
- 4.- Acórdase solicitar á Xunta de Galicia unha subvención para varias actividades do Departamento de Xuventude.
- 5.- Adxudícanse as obras de rebacheo nas parroquias do rural á empresa Eulogio Viñal Obras y Construcciones S.A., por un importe de 49.920,51 euros máis IVE.
- 6.- Apróbase o abono de horas extraordinarias e gratificacións por servizos extraordinarios, correspondentes aos meses de maio e xuño, por un importe total de 35.079,51 euros.
- 7.- Iníciase o procedemento do contrato privado para a realización do concerto de Primal Scream na praza da Quintana o 31 de xullo. O importe do mesmo será de 38.000 euros máis IVE, se ben, no caso de venderse máis de 3.000 entradas, o 30% dos ingresos a partir desta cifra serán para o Concello.
- 8.- Adxudícanse á empresa CESPAs obras na Finca do Espiño.